E 353

PONTEAREAS | Concello de PONTEAREAS

BASES XERAIS DE SELECCIÓN PARA CONTRATACIÓNS DE PERSOAL LABORAL

Ponteareas, 20 de febreiro de 2017

APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO, NA SESION CON DATA 20 de Maio de 2017
Pontareas 20 de 3 de 2019

CONCELLO DE PONTEAREAS SECRETARIA

BASES XERAIS PARA A CONFECCIÓN DE LISTAXES DE CONTRATACIÓNS TEMPORAIS PARA PRAZAS DE PERSOAL LABORAL

ANTECEDENTES

Con data 26 de setembro do 2016, apróbase pola Xunta de Goberno de Local, bases de selección para a confección de listas para contratación temporal para distintas categorías de persoal laboral.

Posteriormente a dita aprobación, emítese informe por parte da Secretaria Municipal pola que se determina a necesidade de facer diversas correccións e abrir novo prazo de solicitudes.

En base a todo o anterior, procedeuse a elaboración dun novo texto de bases que substiuirá o anterior, e proceder a apertura dun novo prazo de solicitudes.

Incorporaranse automáticamente o presente proceso, as persoas que xa presentaron a súa solicitude no prazo anterior, se ben poderán incorporar nova documentación os méritos xa alegados.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto das presentes bases, e dispor dun sistema rápido e áxil e que a vez respecte os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade para acceso ao emprego público, co fin de utilizalo como sistema preferente para a cobertura de contratacións de carácter temporal, para as substitucións temporais de persoal laboral do Concello, e que se concretan no art. 49 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG):

a) Igualdade, con especial atención á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e das persoas con discapacidade.

b) Mérito e capacidade.

c) Publicidade das convocatorias y das súas bases.

d) Transparencia e obxectividade no desenvolvemento dos procesos selectivos e no funcionamento dos órganos de selección.

E Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.

f) Independencia, confidencialidade e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.

APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO, NA SESION CONLO DE PONTEAREAS DATA 20 de Marzo de 2017
Pontareas 20 de 3 de 2017
SECRETARIA

g) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.

h) Eficacia, eficiencia e axilidade, sen prexuízo da obxectividade, no desenvolvemento dos procesos selectivos.

As modalidades de contratación será calquera de carácter laboral temporal que estableza a lexislación vixente, excepto a de interinidade en praza vacante.

2.- REQUISITOS PARA PARTICIPAR

1.- Os requisitos a continuación enumerados, serán imprescindibles para o acceso a praza.

a.- Ter nacionalidade española ou ser nacional de algún Estado membro da Unión Europea, ou ser o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito ou ser descendentes dos primeiros ou do cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores dependentes, ou ser persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola comunidade europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos do Art. 57.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto do Empregado Público, así como aqueles estranxeiros con residencia legal en España e posúan o dereito de acceso sen limitación o mercado laboral.

b.- Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, polo que non se deberá padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

c- Ter cumpridos dezaseis anos, e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

d.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso a corpos ou escalas de funcionarios. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos o acceso a función pública.

APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO, NA SESION CON DATA 20 de Marzo de 2017
Pontareas, 20 de 3 de 2017
CONCELLO DE PONTEAREAS SECRETARIA

e.- Estar en posesión da titulación esixida nas bases específicas ou estar en condición de obtela antes da finalización do prazo para a presentación das solicitudes de participación no proceso selectivo.

f.- Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/84, do 26 de decembro, de incompatibilidade de persoal ao Servizo das administración públicas, e do Real Decreto de desenvolvemento 598/85, do 30 de abril.

g.- Non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, conforme establece o artigo 13.5 da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de Modificación do Sistema de Protección á Infancia e á Adolescencia, na aqueles postos que así se especifique.

2.- Xunto coa solicitude que figura no Anexo I, que deberá presentarse debidamente cumprimentada e asinada deberá aportarse: fotocopia do documento de identidade ou pasaporte.

3.- En relación ao acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, deberá achegarse coa solicitude, acreditación documental do grao de discapacidade esixido (igual ou superior ao 33%), e no momento da contratación certificación expedida polo órgano competente da Administración Autonómica da compatibilidade da discapacidade co desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.

4.- Non se establecen taxas para a realización do presente proceso selectivo.

3.- INSTANCIAS

1) As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ao Sr/a. Alcalde/sa Presidente/a do Concello de Pontearéas segundo do modelo establecido no Anexo I das presentes bases.

A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do solicitante co seu enderezo, teléfono de contacto, correo electrónico e a denominación do posto convocado ao que opta, achegándolle unha fotocopia do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios e, no seu caso, fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados.

Neste senso, no concurso só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias.

APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO, NA SESION CON DATA 20 de Marzo de 2017
Pontearéas, 20 de 3 de 2017
CONCELLO DE PONTEAREAS SECRETARIA

Para ser admitido no proceso correspondente os aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación segundo no modelo do Anexo I que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que expire o prazo de presentación.

2) O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

3) A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do Concello de Pontearéas emprazado en rúa A Xiralda s/n, 36860-Pontearéas, de luns a venres en horario de 9 a 13 horas, ben en calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas.

4) Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude, neste senso, as persoas con discapacidade recoñecida que, como consecuencia da mesma, presente especiais dificultades para a realización das probas selectivas reguladas nas presentes bases, poderán formular petición concreta na solicitude de participación, na cal deben reflectir as necesidades específicas que teñan para acceder ao proceso de selección. En tal caso, e para efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non da concesión do solicitado, o candidato xuntará o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de minusvalía competente, acreditando de forma que faga fe, a deficiencia ou deficiencias permanentes que deron orixe ao grao de minusvalía recoñecido, nos termos que resultan da ORDE PRE/1822/2006, de 9 de xuño, do Ministerio da Presidencia, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

5) As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse no prazo sinalado a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que llas remitirán seguidamente ao organismo competente.

6) Os aspirantes quedan vinculados aos datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

7) A documentación acreditativa dos méritos que aleguen posuír para a súa valoración na fase de concurso deberá presentarse a través de fotocopias.

Para acreditar a experiencia laboral, deberase facer a través de certificado de servizos prestados expedido por administración pública, contrato de traballo acompañado de vida laboral.

De non ter presentada fotocopia do mérito que se desexe alegar no prazo indicado, este non se terá en conta a efectos da súa puntuación.

APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO, NA SESION CON DATA 20 de Marzo de 2017
Pontearéas, 20 de Marzo de 2017
CONCELLO DE PONTEAREAS SECRETARIA

4.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

1) Finalizado o prazo dos vinte días naturais fixado para presentar as solicitudes o Concello de Ponteareas ditará resolución, no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos, especificando no seu caso os motivos de exclusión, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, e na páxina web www.ponteareas.gal

2) Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas coa publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios, e na páxina web www.ponteareas.gal

3) Contra a resolución do presidente, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta notificación (artigo 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

4) O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no momento da convocatoria para a primeira contratación.

5) Toda comunicación ou publicación que sexa necesaria por parte do tribunal, farase no taboleiro de anuncios do Concello, podendo facerse igualmente na páxina web www.ponteareas.gal.

5.- PROCEDEMENTO SELECTIVO

O procedemento selectivo será a través de concurso como norma xeral, excepto que nas bases específicas se determine outro sistema coas valoracións correspondentes

BAREMO DO CONCURSO:

Concurso:

APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO, NA SESION CONCELLO DATA 20 de Maio de 2017
Ponteareas, 20 de 3 de 2017

CONCELLO DE PONTEAREAS SECRETARIA

a) ***Formación*** na praza obxecto da convocatoria, cun máximo de 4 puntos, nos seguintes termos:

a.1) Por cursos relacionados coas funcións propias da categoría segundo o baremo seguinte:

- Cursos de 20 horas a 39 horas: 0,30 puntos.

- Cursos de 40 horas a 59 horas: 0,50 puntos.

- Cursos de 60 horas a 99 horas: 0,75 puntos.

- Cursos de 100 horas a 149 horas: 1 punto.

- Cursos de máis de 150 horas: 2 puntos.

Neste apartado a puntuación máxima será de 3 puntos.

a.2) Coñecemento da lingua galega. A puntuación máxima en este apartado será de 1 punto, e só se valorará a puntuación máis alta, non sendo acumulables entre si.

1.- Pola realización do curso de lingua galega oral, ou Certificado de lingua galega 1 Celga1), ou presentación da validación do mesmo, de acordo co establecido na orde de 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (D.O.G. 30/07/2007) : 0,25 puntos.

2.- Pola presentación do Certificado de lingua galega 2 (Celga2), ou presentación da validación do mesmo, de acordo co establecido na orde de 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (D.O.G. 30/07/2007) : 0,5 puntos.

3.- Pola realización do curso de iniciación da lingua galega, ou Certificado de lingua galega 3 (Celga3), ou presentación da validación do mesmo, de acordo co establecido na orde de 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (D.O.G. 30/07/2007) : 0,75 puntos.

4.- Pola realización do curso de perfeccionamento da lingua galega, ou Certificado de lingua galega 4 (Celga4), ou presentación da validación do mesmo, de acordo co establecido na orde de 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (D.O.G. 30/07/2007) : 1 punto

b) ***Experiencia***. A puntuación máxima nesta base será de 5 puntos valorándose a experiencia na praza obxecto da convocatoria, similar ou superior categoría nos seguintes termos:

APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO, NA SESION CON DATA 20 de Marzo de 2017
Ponteareas 20 de 3 de 2017

CONCELLO DE PONTEAREAS SECRETARIA

- 0,20 puntos por cada mes de experiencia acreditado na administración pública, en praza de igual ou similar categoría á da convocatoria.

- 0,10 puntos por cada mes de experiencia acreditado na empresa privada, en praza de igual ou similar categoría á da convocatoria.

No caso de empate final na puntuación entre os aspirantes, este resolverase a favor de aquel que teña maior puntuación seguindo a orde de puntuación do proceso selectivo, de manterse o empate desfarase seguindo a orde alfabética, comezando pola letra establecida na Resolución da Consellería de Facenda de 20/01/2017 pola que se fai público para o ano 2017 o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da administración da comunidade autónoma de Galicia, (DOGA 30/01/2017), polo que os desempates que deriven desta selección empezarán por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra " K ".

6.- CONFECCION E FUNCIONAMENTO DAS LISTAXES

Unha vez finalizado o proceso selectivo, confeccionarase as correspondentes listaxes ordenadas de maior a menor puntuación, e que servirán para efectuar os chamamentos co fin de realizar as contratacións temporais necesarias.

No caso de discapacidade, e con carácter previo a contratación, deberá acreditarse a través de certificado do órgano competente, a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.

Con anterioridade á contratación o candidato terá que aportar, no caso que así se especifique na categoría a que se opta, certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais de conformidade co artigo 13.5 da Lei 26/2015 de xullo, no caso de non ter marcado no Anexo I a autorización ao Concello para a solicitude de oficio, así como o resto da documentación requirida nas bases.

As persoas integrantes da lista terán a obriga de comunicarlle ao departamento de Persoal calquera variación no seu enderezo postal, enderezo electrónico ou teléfono, con respecto aos sinalados na solicitude de participación, e mantelos permanentemente actualizados durante a vixencia da lista.

O chamamento dos aspirantes farase do seguinte xeito:

Cando se procede a un nomeamento ou contratación temporal, ofertaráselle o posto de traballo á primeira persoa aspirante da lista, polos medios de contacto que a persoa candidata consigne na súa instancia, teléfono móbil ou fixo e correo electrónico:

Ata dous chamamentos telefónicos, con un espazo mínimo de unha hora entre un e outro. Se obtivérase comunicación directa coa persoa candidata, esta deberá responder, nun prazo máximo de 24 horas, se acepta ou renuncia ao posto ofertado.

APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO, NA SESION CON DATA 20 de Marzo de 2017
Ponteareas, 20 de 8 de 2017

CONCELLO DE PONTEAREAS SECRETARIA

Levarase un libro de rexistros no departamento de Persoal de todas as chamadas realizadas, no que anotarase o día e hora da mesma, o destinatario, e se houbo ou non resposta, e no seu caso resumo da conversa mantida, no que se reflectirá se acepta ou non o chamamento, así como si a comunicación deixouse na caixa de voz do interesado.

Se non se conseguise contactar mediante o chamamento telefónico, farase unha convocatoria por correo electrónico. O interesado/a deberá poñerse en contacto co Departamento de Persoal no prazo máximo de 24 horas contadas desde a súa recepción.

Unha vez contactado co aspirante, este deberá presentarse como máximo ata as 11 h. do día seguinte da convocatoria, sempre que non sexa necesaria a súa incorporación antes deste prazo.

Se non se recibe contestación, a persoa candidata pasará ao último lugar da lista durante 6 meses, incorporándose novamente a petición propia pasado este prazo.

Nesta lista terase en conta a duración máxima prevista para cada modalidade contractual e os límites establecidos legalmente para evitar o encadeamento de contratos laborais temporais. Co fin de que se respecten os principios de acceso ao emprego público, en ningún caso a contratación dará lugar a que os substitutos poidan beneficiarse do artigo 15.5 do Estatuto dos Traballadores.

Cando unha persoa figure en máis dunha lista de contratación, é dicir, en máis dun posto, non poderá acumular dous contratos laborais por circunstancias da produción no período máximo establecido para esta modalidade contractual aínda que se trate de distintos postos.

7.- CONTRATACIÓN

A contratación do persoal que, conforme ao procedemento sinalado nestas normas, sexa designado para desempeñar un posto de traballo con contrato laboral de carácter temporal realizarase mediante acordo da Xunta de Goberno Local ou Resolución da Alcaldía por cuestións de urxencia, formalizándose no contrato laboral que proceda.

8.- CESAMENTO

As persoas aspirantes contratadas en réxime laboral cesarán ao finalizar o contrato.

9.- SITUACIÓN DAS LISTAXES

APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO, NA SESIÓN CON DATA 30 de Maio de 2017
Ponteareas, 30 de 3 de 2017

CONCELLO DE PONTEAREAS SECRETARIA

As persoas integrantes das listaxes non perderán a orden de prelación que en cada momento lles corresponda nestas ata prestar servizos no Concello de Pontearéas durante un mínimo de 12 meses, contados desde a posta en funcionamento da lista, de xeito que se a contratación para a que son chamadas ten unha duración inferior manterán o lugar na lista que tiñan anteriormente.

Rematada a contratación e traballados polo menos 12 meses ininterrompidos ou alternos, para o cómputo dos 12 meses farase tendo en conta todos os contratos subscritos como tempo acumulado, a persoa interesada pasará a ocupar o último lugar na lista durante un ano. Finalizado este período, volverá automaticamente ao lugar da lista que, de acordo coa súa puntuación, lle corresponda.

En ningún caso procederase ao chamamento de persoas candidatas que se encontren traballando no Concello de Pontearéas na data prevista para que teña efectos o contrato, calquera que sexa a súa modalidade e posto de traballo que desempeñe. Neste caso, conservará o lugar que lle corresponda na lista. Así, non se admitirá a renuncia a un contrato en vigor para poder desempeñar un novo contrato.

10.- RENUNCIA Á OFERTA DE TRABALLO

As persoas integrantes da lista que, ao seren convocadas para facer efectiva a súa contratación, non se presenten ou renuncien a esta, perderán os seus dereitos e quedarán excluídas da lista durante un ano. Unha vez transcorrido este prazo serán rehabilitadas a solicitude do interesado/a no lugar da lista que lles corresponda. A renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo terá a mesma consecuencia, salvo no caso de interinidade en praza vacante no Concello de Pontearéas.

Considéranse causas xustificadas de renuncia ao posto de traballo ofertado:

a) Estar traballando fóra do Concello de Pontearéas, con contrato laboral en vigor, debendo acreditar esta situación mediante a presentación deste e da vida laboral actualizada. Cando se produza un rexeitamento por esta situación considerarase en suspenso, recuperando a situación de dispoñible en canto se comunique ou acredite, no seu caso, a desaparición da causa que motivou o rexeitamento.
b) A existencia dunha oferta de traballo anterior á sinatura do contrato. Neste caso, a persoa candidata deberá presentar a documentación acreditativa de que a data de inicio da nova contratación é anterior á data de inicio do contrato ofertado polo Concello de Pontearéas.
c) Por motivos de saúde ou maternidade, circunstancias que haberán de acreditarse mediante un xustificante do sistema público de saúde ou certificado médico oficial no caso de mutualistas. Enténdese equiparado a estas situacións o suposto de avanzado estado de xestación que, por prescrición médica acreditada documentalmente, impida o desenvolvemento da actividade

APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO, NA SESION CON DATA 20 de Marzo de 2017
Pontearéas, 20 de 3 de 2017
CONCELLO DE PONTEAREAS SECRETARIA

laboral. A documentación médica será valorada estritamente polo departamento de Persoal sobre a suficiencia das circunstancias médicas alegadas. En canto non se acredite a desaparición das referidas circunstancias e a posterior dispoñibilidade para aceptar ofertas non se volverán chamar estas persoas por atoparse en situación de suspenso. Neste caso, a persoa candidata manterá a posición "En Reserva" dentro da lista. En caso de non acreditarse quedará excluída dela durante un ano.

d) Non reunir a capacidade funcional necesaria para o desempeño do posto de xeito provisional, acreditada cun certificado oficial. Este suposto non implica a expulsión da lista, polo que a persoa conservará o seu lugar ata unha nova oferta.

A documentación xustificativa á que se fai referencia nos apartados anteriores deberá presentarse no prazo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte ao do chamamento por parte do departamento de Persoal, comunicado por correo electrónico ou calquera outro medio que deixe constancia de que se cumpriu o trámite.

A acreditación documental da finalización da causa que xerou a suspensión farase nun prazo non superior aos 15 días naturais desde o cesamento ou terminación desta e producirá efecto o primeiro día hábil do mes seguinte. No caso de superar ese prazo a persoa candidata pasará ao final da lista durante un ano, debendo solicitar a reincorporación a listaxe unha vez transcorrido o prazo

11.- SITUACIÓN DAS CANDIDATURAS DAS LISTAXES DE EMPREGO

As persoas candidatas da listaxe de emprego poderán estar en calquera das seguintes situacións:

A) **Libre ou dispoñible**: Situación na que a persoa candidata é susceptible de recibir o chamamento ou oferta para a súa contratación. No momento en que a lista se poña en funcionamento a situación de todos os candidatos será esta.

B) **Ocupada**: Situación na que a persoa candidata se encontra prestando servizos no Concello de Ponteareas.

C) **En reserva**: Situación na que concorre calquera das seguintes circunstancias:

a) Enfermidade que incapacite temporalmente para o desenvolvemento das tarefas fundamentais do posto, en tanto que dure esta situación.

b) Maternidade ou paternidade, tanto por natureza coma por adopción ou acollemento, ata que a persoa nacida, adoptada ou acollida teña a idade dun ano.

c) Embarazo de risco.

APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO, NA SESION CON DATA 20 de Marzo de 2019
Ponteareas, 22 de 3 de 2019
CONCELLO DE PONTEAREAS SECRETARIA

d) Coidado dun familiar de ata o segundo grao a cargo da persoa candidata da lista de emprego cando este, por razóns de enfermidade grave, accidente ou idade, non poida valerse por si mesmo e non desempeñe unha actividade remunerada ou dispoña de rendas que superen o salario mínimo interprofesional.

e) Dispor dun contrato de traballo ou nomeamento de persoa funcionaria que resulte incompatible coa condición de persoa empregada pública.

f) Calquera outra circunstancia excepcional e extraordinaria que sexa debidamente apreciada polo departamento de Persoal, previa solicitude e acreditación por parte do interesado/a.

O pase á situación de Reserva na listaxe de emprego producirase cando o solicite expresamente a persoa candidata, mediante un escrito dirixido ao departamento de Persoal, ao que se achegará a xustificación que avale a circunstancia que se alega.

Unha vez desaparecida a causa que a motive poderase pasar a unha situación libre ou dispoñible a petición expresa da persoa interesada. Este cambio de situación efectuarase no prazo de 15 días naturais contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza esta circunstancia, previa solicitude ao efecto.

Ás persoas candidatas poderáselles requirir unha xustificación documental por escrito que acredite a situación na que se atopan en cada momento. Para estes casos todas as comunicacións, requirimentos e actos administrativos serán por escrito.

O reingreso producirase no lugar que, conforme á ordenación da listaxe, lle corresponda á persoa candidata.

A reincorporación á listaxe de emprego farase efectiva o primeiro día hábil do mes seguinte á data de presentación da solicitude do cambio de situación a libre ou dispoñible.

D) **Excluída**: Situación que, unha vez declarada, imposibilita efectuar posteriores ofertas de contratación desa persoa. Procederase á exclusión na listaxe de emprego nos seguintes casos:

a) Cando a persoa aspirante rexeite ou non conteste a oferta de contratación ou nomeamento en dúas ocasións.

b) A petición da persoa interesada, mediante un escrito de renuncia dirixido ao departamento de Persoal.

c) Cando a persoa convocada non se incorpore ao seu posto de traballo, sen motivo xustificado, unha vez realizado a contratación.

d) Cando se renuncie a unha contratación antes da data en que esta termine.

APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO, NA SESION CON DATA 20 de Marzo de 2017
Ponteareas, 20 de 3 de 2017

CONCELLO DE PONTEAREAS SECRETARIA

e) Cando sexa sancionada cunha falta grave ou moi grave, ou dúas faltas leves.

f) Por pasar a encontrarse en situación de invalidez permanente ou asimilada que lle impida o exercicio das tarefas do posto.

g) Por causas médicas sobrevidas que lle impidan o exercicio das tarefas do posto.

h) Por xubilación.

i) Por cometer un fraude ou engano nas circunstancias persoais que permitiron o seu acceso á lista de emprego.

j) Por falecemento.

12.- TRIBUNAL

1) Os membros do tribunal cualificador serán designados pola Xunta de Goberno segundo o disposto no art. 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/91, do 7 de xuño, así como artigo 60 do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro. Artigo 48 do Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais de Comunidade Autónoma de Galicia en Materia de Igualdade.

2) O tribunal cualificador estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes, sendo a súa composición a seguinte: presidente, secretario e tres vogais, tendo en conta á paridade entre homes e mulleres.

Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

3) A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén. Non poderán formar parte do tribunal as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos ou laboral temporal, o persoal eventual, e as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

4) O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando as circunstancias así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO, NA SESION CON DATA 20 de Marzo de 2017
Ponteareas, 20 de 3 de 2017

CONCELLO DE PONTEAREAS SECRETARIA

5) A Presidencia, xuntamente coa lista de admitidos, publicará no taboleiro de anuncios da corporación, así como na páxina web www.pontеareas.gal a resolución pola que se nomean os membros titulares e suplentes do tribunal cualificador.

6) Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Sr. Presidente cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015.

7) O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o presidente para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso.

8) A partir da sesión de constitución o tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e procedemento administrativo común e ás bases xerais e específicas reguladoras de cada convocatoria.

9) No caso de ausencia do presidente titular e do presidente suplente actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

10) Os membros do tribunal e os seus asesores que asistan ás sesións percibirán as axudas de custo pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida.

13.- INCIDENCIAS

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar as decisións precisas para o normal desenvolvemento do proceso ao amparo da lexislación vixente.

Contra este acto de aprobación de bases, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes, ou ben directamente recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO, NA SESION CON DATA 20 de 3 de 2020
Pontareas, 20 de 3 de 2020

CONCELLO DE PONTEAREAS SECRETARIA

14.- RÉXIME XURÍDICO

O proceso de concurso regularase polo disposto nestas bases e no non previsto nelas de acordo co establecido na lexislación vixente de aplicación.

15.- DISPOSICION FINAL

Os actos administrativos que deriven destas bases e as actuacións dos tribunais, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

A Administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei 39/2015, de 1 de outubro.

16.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO DAS BOLSAS

Para o control e a correcta utilización das bolsas nomearase unha Comisión de Seguimento Paritaria que será a encargada de resolver todas as incidencias e cuestións de interpretación que se produzan durante o período de vixencia das bolsas de emprego.

A Comisión estará integrada pola parte social por un representante de cada sindicato con presenza no Comité de Empresa, e pola parte do Concello en igual número de representantes.

A comisión reunirase trimestralmente de xeito ordinario, e sempre que así o requira o seu funcionamento, para resolver as dúbidas de interpretación ou reclamacións que se puidesen formular.

Os membros da Comisión poderán coñecer o estado das listaxes e comprobar se a orde de chamamento se corresponde coas anteditas listaxe. Ademais, serán informados das renuncias ou exclusións cando así o requiran.

17.- CARÁCTER VICULANTE DAS BASES

Estas bases vinculan ao Concello de Pontearéas, os tribunais cualificadores, as persoas aspirantes, a comisión de seguimento das bolsas e as persoas que integren as bolsas de emprego que se constitúan.

APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO, NA SESION CON
DATA 20 de Marzo de 2017
Pontareas, 20 de 3 de 2017

CONCELLO DE PONTEAREAS SECRETARIA

DISPOSICIONS ADICIONAIS

Primeira.- Estas listaxes terán unha duración inicial de dous anos, e senón se efectuase preaviso ben pola parte social afectada ou ben polo Concello, un mes antes do remate das mesmas, entenderanse prorrogadas anualmente.

De existir o preaviso correspondente, continuarán vixentes ata que entren en vigor as que resulten da negociación correspondente.

O Concello poderá en calquera momento, se constatase a insuficiencia de candidatos necesarios, abrir novos prazos para apertura na categoría correspondente, o que implicará unha nova valoración e a creación dunha nova listaxe.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Estas listaxes de contratación de persoal laboral derrogarán as listaxes anteriores de mesma categoría no mesmo momento da súa entrada en vigor, mantendo vixentes aquelas listaxes de categorías non afectadas.

APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO, NA SESION CON DATA 20 de Marzo de 2017
Ponteareas, 20 de 3 de 2017

CONCELLO DE PONTEAREAS
SECRETARIA

ANEXO I

SOLICITUDE PROCESO SELECTIVO PERSOAL LABORAL CONCELLO PONTEAREAS

- **PRAZA SOLICITADA**

Denominación:	**Minusvalía %:**
	E-mail:

- **DATOS PERSOAIS**

Apelidos:	**Nome:**	**D.N.I.:**	
		Sexo:	
Data Nacemento:	**Enderezo particular:**	**C.P.:**	**Teléfono:**
Localidade:	**Provincia:**	**Nacionalidade:**	

- **TÍTULOS ACADÉMICOS**

Esixidos na Convocatoria:	**Centro de Expedición:**	**Data:**
Acreditación Galego:	**Centro de Expedición:**	**Data:**

A persoa que asina abaixo, solicita ser admitida no proceso selectivo ao que se refire esta instancia, e declara que son certos os datos consignados nela, que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral do Concello de Ponteareas e as sinaladas expresamente nesta convocatoria, e comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude, no momento de chamamento ou contratación.

(Para as categorías que así se especifique deberá marcarse o autorizo seguinte)

AUTORIZO | **SI** | **NON** | : (Marcar a opción elixida)

expresamente o Concello de Ponteareas a que consulten os meus datos persoais para a obtención do certificado de delitos de natureza sexual, necesario para o acceso ao posto de traballo o que se refire a presente solicitude, por tratarse de actividade incluída no art. 13.5 da Lei Orgánica 1/96 de 15 de xaneiro de Protección Xurídica do Menor, modificado pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015.

Asinado....., ... de ..... de 20.....

CONCELLO DE PONTEAREAS SECRETARIA
APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO, NA SESION CON DATA 20 de Marzo de 2013
Ponteareas, 20 de 3 de 2013